

# **A forza das novas ideas**



**Convergencia**XXI

**Programa Electoral**  
**Eleccións Xerais 2011**

Novas ideas



Convergencia<sup>XXI</sup>

## Índice

**A forza das novas ideas** \_\_\_\_\_ **2**

**Novas ideas para construír o futuro** \_\_\_\_\_ **6**

**Propostas programáticas** \_\_\_\_\_ **9**



## A forza das novas ideas

Convergencia XXI é un **partido galego novo, moderno e innovador**. Un partido constituído por xente nova movida polo desexo de construír unha Galicia de cidadáns prósperos e libres. Unha Galicia na que todas as persoas podan desenvolver o seu potencial no marco adecuado e na que ninguén se sinta excluído.

Convergencia XXI quere ser a **Casa Grande do Galeguismo**. Na nosa organización teñen cabida todas as persoas que confíen en Galicia e estean dispostas a traballar para xerar o contexto axeitado no que todos os galegos podan labrarse un futuro mellor para eles e os seus fillos.

Somos persoas que acreditamos en que Galicia necesita un **proxecto político propio** que consiga mudar o rumbo da política galega. Unha forza centrada que introduza novidades no manido panorama político galego. Unha forza cuxo albo sexa Galicia. Unha forza con **visión de longo prazo**. Sen presas, mais sen pausa. Unha organización cun discurso enfocado nos problemas dos galegos.

Non queremos repetir os erros de anteriores proxectos galeguistas, dos que dun xeito ou doutro nos sentimos herdeiros. Sabemos que **a nosa forza está na organización e no discurso**. Somos unha organización plural mais cun ideario claro. Temos que elaborar un discurso que chegue transversalmente a todos os segmentos da sociedade galega soportado por unha organización seria e sólida. Porque queremos converternos na opción maioritaria da cidadanía galega.

Non hai lugar entre nós para os oportunistas. Só para os **bos e xenerosos**. Para as persoas de boa vontade que senten unha preocupación sincera pola Nosa Terra.

O noso proxecto galeguista parte da aceptación da **sociedade galega como plural e diversa**. Por iso, o noso proxecto ten un nítido carácter integrador, alén do sectarismo e



o extremismo. Cremos que os galegos e galegas temos que tomar as nosas propias decisións e construír, todos xuntos, o noso futuro nun marco de respecto e tolerancia.

**Temos que ser responsábeis dos nosos éxitos e dos nosos fracasos.** Mais isto só é posíbel se Galicia conta cos mecanismos de decisión adecuados. Só así poderemos entre todos construír un futuro de ilusión e esperanza. Sen escusas. Sen victimismos.

**Europa é o contexto do noso futuro** como individuos e como pobo. Europa ten que consolidarse como o prototipo da sociedade aberta e global, coa que Convergencia XXI está profundamente comprometida desde este recuncho do vello continente. O noso galeguismo europeísta motiva a nosa confianza nunha Europa integrada e diversa.

Son as persoas nunha sociedade libre as que co seu **esforzo e emprendemento xeran prosperidade** para eles mesmos e para os outros. As sociedades atezadas polo servilismo están abocadas ao fracaso, nelas a reverencia e o clientelismo substitúen, na procura da prosperidade, os méritos e o traballo útil. As sociedades subvencionadas non son as dos homes libres.

Un Goberno omnipresente só pode constituír unha traba á imaxinación individual e ensecar o resfolgo da ilusión, paralizando o palpito da sociedade. Exaxerar o papel do Goberno nas nosas vidas só produce insatisfacción e esclerose. **O espírito creativo esmorecerá nunha sociedade controlada e regulada.** Os individuos precisamos de espazo para expresar o noso potencial.

**O poder ten que ser limitado para non converterse en autocrático e corrupto.** Os Gobernos excesivos serán parasitados polos intereses particulares hipotecando así a prosperidade da maioría. Os grupos de presión, e non a nosa vontade, gobernarán as nosas vidas. Nas sociedade excesivamente reguladas e intervidas a convivencia co poder é moi rendíbel.

**O Goberno debe realizar o seu papel creando o marco axeitado para que se desenvolva a iniciativa privada.** Esta é unha transcendental labor, xa de por si difícil e complicada. Mais non é o Goberno quen innova e quen crea emprego. Non son as subvencións a sectores ineficientes as que xeran progreso. Non é a defensa dos



privilexios de certos grupos a que produce xustiza. É a interacción de individuos libres procurando o seu propio beneficio a que consegue un mundo mais xusto e próspero.

Agora ben, a vida é azarosa e os mercados tamén producen excluídos, vítimas do infortunio. **Algunhas políticas redistributivas e de seguros poden corrixir os avatares do destino.** Resolver as contradicións entre estas e os incentivos fornecidos polo mercado é unha das transcendentais tarefas á cal se enfrenta unha sociedade libre.

O seguros sociais cumpren a importante labor de protexer aos individuos dos caprichos da fortuna. **O noso espírito de equidade e xustiza comprométenos completamente cos obxectivos do Estado do Benestar.** Mais non desde unha perspectiva dogmática, obcecada e conservadora, mesmo reaccionaria. Porén, o noso ánimo aberto e innovador abre os nosos ollos a novas alternativas, métodos e solucións que permitan un mellor funcionamento do Estado do Benestar.

**Creemos que é posíbel mellorar os mecanismos de decisión social e organizar a nosa sociedade dun xeito mais eficiente e xusto** para sentar as bases da prosperidade individual e colectiva. Acreditamos en que temos que levar adiante este ideal desde a nosa condición de galegos no marco dunha Europa integrada e diversa. Confiamos en gobernar honestamente na procura dunha sociedade equitativa, próspera e aberta. **Convergencia XXI é a forza que Galicia necesita para avanzar na historia.**



## Novas ideas para construír o futuro

Nas seguintes páxinas queremos presentarche un programa de goberno construído sobre os principios propios dunha forza galeguista, de centro reformista e liberal como é Convergencia XXI. Son propostas cun espírito moderado e moderno. Propostas que procuran a chegada de mellores tempos para a nosa terra, para todos os galegos e galegas.

**Acreditamos en que compete ao ámbito público crear as condicións que faciliten o emprendemento, o investimento produtivo e a iniciativa e a responsabilidade individual.** As nosas propostas teñen sempre moi presente esta máxima, que é ao tempo un principio e un fin.

Acreditamos que para cumprir este fin son necesarias **profundas reformas estruturais** que melloren a competitividade da nosa economía, fomenten a creación de emprego e impulsen a eficiencia das políticas e institucións públicas.

É necesario **diminuír a presión impositiva** sobre cidadáns e empresas para que estes teñan os convenientes incentivos ao esforzo, a inversión e a innovación. É necesaria unha profunda reforma fiscal que non penalice os emprendedores. Unha reforma fiscal que persiga o fraude e contribúa á creación de emprego e riqueza.

Tamén precisamos con urxencia un **imprescindíbel exercicio de frugalidade e racionalidade pública**, reducindo o esbanxamento público e racionalizando o sector público para que gañe en eficiencia e logre dar cumprida resposta ás necesidades dos cidadáns. Necesitamos que os representantes públicos definan as políticas públicas conforme ás necesidades perentorias dos cidadáns e non en base a intereses persoais, curtoprazistas, partidistas ou localistas. Os nosos representantes teñen que facer gala da amplitude de miras necesaria para confrontar os retos da nosa sociedade.

As reformas que precisamos para poñer en marcha a nosa sociedade, para que esta confronte os desafíos que nos depara o futuro con esperanza e posibilidades de bo



suceso, non deben comprometer as políticas públicas destinadas a conseguir a efectiva igualdade de oportunidades coa cal Convergencia XXI está intimamente comprometida. **As reformas non deben supor unha mingua dos logros das nosas sociedades en materia social.** Todo o contrario. As reformas deben servir para conseguir que os mecanismos de seguridade social e asistencia pública aos mais desfavorecidos atinxan moito mais eficientemente os seus fins. Galicia e España precisan de profundas mudanzas no seu sistema educativo para xerar persoas capaces, emprendedoras, responsábeis e formadas. Os usuarios do sistema sanitario teñen que ver como a calidade do mesmo mellora e deben sentirse clientes informados e respectados. Compre eliminar o esbanxamento farmacéutico e fomentar a concorrència entre os servizos de asistencia sanitaria para que estes fornezan aos autentes de mais e mellores servizos.

Por último, mais non menos importante, compre unha **profunda rexeneración democrática.** Temos que dotarnos dun sistema institucional que fomenta a responsabilidade dos nosos representantes e gobernantes e penalice os comportamentos erróneos ou corruptos. Unhas institucións que garantes a efectiva separación de poderes e que establezan un sistema de controis e equilibrios que garantan a transparencia nas decisións públicas.

Necesitamos de novas ideas para construír o futuro, por iso desde Convergencia XXI ofrecémosche unha alternativa renovadora e centrada que procura a prosperidade individual e colectiva de todos os galegos e galegas.



## Propostas Programáticas

### 1. Rexeneración democrática.

1. Supresión subvencións aos partidos políticos e aos medios de comunicación privados.
2. Os partidos deberán facer constar na súa contabilidade a identidade dos seus donantes así como o montante da doazón.
3. Prohibirase por lei a condonación das débedas dos partidos políticos.
4. Prohibición por lei das doazóns anónimas, de empresas e de organismos públicos aos partidos políticos.
5. Reforma da Lei Electoral para convertela nunha norma xusta e que ofrezca igualdade de oportunidades a todos os partidos.
6. Estatus de independencia dos medios de comunicación públicos.
7. Reforma código penal para aumentar as penas por todos aqueles delitos cometidos polos servidores públicos no exercicio das súas funcións.
8. Reforma da Lei Electoral para excluír ao procesados das listas.
9. Impulsando a iniciativa lexislativa popular reducindo as esixencias para a súa presentación e exercicio.
10. Regulando o réxime de pensións de deputados e altos cargos, equiparándoo ao máximo co de calquera outro traballador.



11. Ampliando o réxime de incompatibilidades dos cargos públicos.
12. Os altos cargos –incluíndo familiares en primeiro grao- non poderán participar en concursos públicos nin recibir remuneracións adicionais ao seu soldo. As súas empresas non poderán recibir subvencións.
13. Reformando o regulamento do Congreso para facilitar a creación de comisións de investigación.
14. Os candidatos ao Consello do Xeral do Poder Xudicial e ao Tribunal Constitucional así como o que opte a Gobernador do Banco de España, á presidencia da Comisión Nacional do Mercado de Valores, Tribunal de Defensa da Concorrenca, Tribunal de Contas e RTVE deberán ser electos por maioría no Congreso.
15. Prohibición do *mailing* electoral e uso obrigatorio das cabinas electorais.
16. Reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial para garantir un poder xudicial independente.
17. Instauración dunha lei anticorrupción seria, que inhabilite de por vida ao político e ao empresario implicado en caso de suborno para poder concorrer a calquera concurso público.
18. Instauración do método de poxa sempre que sexa posible como medio non manipulable de adxudicación pública.



## 2. Reforma educativa

1. Propomos manter o volume de gasto en educación procurando a mellora da súa escasa eficiencia actual.
2. Potenciación da Formación Profesional.
3. Potenciación da excelencia educativa.
4. Introducción do Cheque Escolar na educación primaria e secundaria.
5. Fomentando a competencia no sistema universitario.
6. Retirar o goberno das universidades de intereses corporativos. Os reitores serán escollidos por padroados e non polos membros da comunidade universitaria.
7. Maior autonomía dos centros escolares con avaliacións periódicas que controlen e informen do seu desempeño.
8. Potenciación da investigación de excelencia.



### 3. **Reforma do sistema de saúde**

1. Mantemento dos servizos sanitarios reducindo o seu custo mediante a aposta decidida polos medicamentos xenéricos e as monodoses cando sexa posible.
2. Apostar pola introdución do cheque sanitario que permite ao paciente escoller.
3. Impulsar melloras en eficiencia dos recursos empregados.
4. Potenciación da presenza social nos consellos reitores dos hospitais.
5. Desenvolvendo os Dereitos do Paciente.
6. Os hospitais entregarán ao paciente unha factura detallada dos custos incorridos.
7. Potenciación da autonomía na xestión hospitalaria.
8. Creación dunha Oficina de Atención ao Paciente que vele polos dereitos dos pacientes e os manteña informados dos servizos existentes así como da súa calidade.



#### **4. Desregulación e política da concorrència**

1. Introducción de medidas que garantan unha competencia efectiva en sectores que hoxe non a teñen como o das gasolineras ou o das farmacias, seguindo as recomendacións da UE.
2. Incrementando a independencia dos organismos reguladores: Comisión da Enerxía, Tribunal de Defensa da Concorrència, Comisión Nacional do Mercado de Valores, Comisión das Telecomunicacións,...
3. Lei de liberdade de horarios comerciais.
4. Eliminación da colexiación profesional obrigatoria, exceptuando un mínimo de profesións.
5. Reforma do sistema de puxas eléctricas para que os prezos reflectan con maior transparencia os custos



## **5. Reforma da lei de propiedade intelectual.**

- 1.** Supresión do canon dixital.
- 2.** Eliminación da taxa das sociedades de autores á reprodución de música e imaxes en establecementos públicos,
- 3.** Controlar ás sociedades de autores e editores para evitar o seu abuso de posición dominante.



## **6. Reforma do mercado de traballo.**

1. Acabar coa dualidade do mercado de traballo instaurando o contrato de traballo único con custos de despido crecentes.
2. Creación dun fondo de capitalización individual para cada traballador do que se cobraría o desemprego e que o traballador iría acumulando, no caso de non gastalo, ao longo da súa vida laboral.
3. Facilitar a contratación.
4. Profundar na descentralización da negociación colectiva.
5. Desxudicializar as relacións laborais.



## 7. Redución e racionalización do gasto público

1. Desenvolvemento dunha lei orgánica de estabilidade orzamentaria.
2. Controlando os gastos correntes das administracións públicas.
3. Eliminando entidades e organismos públicos superfluos.
4. Reducindo drasticamente as subvencións aos axentes económicos..
5. Pospondo os investimentos públicos innecesarios.
6. Redución do número de universidades.
7. Apostando por un aeroporto central en Galicia que aporte maior produtividade e conectividade á nosa economía.
8. Creación dunha Oficina Orzamentaria do Congreso que vixiará a execución das contas públicas, elaborará previsións e informes macroeconómicos.
9. Potenciación da Axencia de Avaliación e Calidade das Políticas Públicas para que realice un traballo efectivo de prioridades del gasto público.
10. Substitución do actual modelo ferroviario por un que prime os camiños de ferro de corta e media distancia –o eixo atlántico no caso galego- como factor vertebrador do territorio e por un que dea maior importancia ao transporte de mercadorías.
11. Apostando pola recepción das televisións portuguesas en Galicia, sen case custos para as administracións públicas e ao abrigo das leis da UE coa finalidade de dar cobertura a un público galegofalante en clara desvantaxe audiovisual.



## **8. Racionalizar as administracións públicas**

1. Eliminando as deputacións provinciais.
2. Reducindo significativamente o número de concellos.
3. Reducindo o número de provincias e procurando que Galicia sexa unha única provincia.
4. Eliminando as delegacións do goberno central e das autonomías.
5. Reformando o senado para convertelo nunha auténtica cámara de representación territorial das nacións que integramos España, reducindo á metade o número de senadores.
6. Eliminando duplicidades entre administracións.



## 9. Reforma fiscal

1. Redución da imposición sobre as rendas do traballo, elevando o mínimo exento no IRPF ata os 15.000 € anuais.
2. Redución das cotizacións sociais para fomentar a creación de emprego
3. Simplificación do sistema fiscal co obxectivo de facilitar a loita contra a fraude, eliminando as desgravacións que complican o sistema e facilitan a fraude e creando tipos únicos máis baixos, para o IRPF, propomos un tipo único do 25% aplicable a partir do mínimo exento.
4. Reestruturación da imposición sobre o capital, gravando mais a distribución de lucros e menos a renda das empresas, é dicir, aumentar a imposición aos dividendos e plusvalías e baixar o imposto de sociedades ata o 20%



## **10. Reforma do sistema autonómico**

1. Aumentar as competencias e grao de autonomía das CCAA.
2. Adopción do federalismo fiscal, seguindo o modelo da República Federal de Alemaña.